

## Unidade 12. A proba final

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

Nunha aldea vivía un home moi rico e moi bondadoso, que socorría con alimentos e moedas aos pobres dos arredores. A noticia correu por toda a contorna e houbo algúns moi agudos que, facéndose pasar por coxos pobres, tamén se achegaban alí querendo beneficiarse da xenerosidade daquel bo home.

Este decatouse do engano e, en certa ocasión na que todos, coxos e estafadores, estaban reunidos no patio, fixo soltar un enorme touro. Ao ver o animal, os verdadeiros coxos goreméronse no portal como puideron, pero os coxos falsos lanzaron ao aire as súas muletas e correron espavorecidos lonxe do animal. Por esta razón dise: «Píllase antes o mentireiro que o coxo».

Belén BERMEJO

### 1. Quen é o protagonista da historia?

Un home moi rico e moi bondadoso.

### 2. Marca os adxectivos que din como era o home.

xeneroso

astuto

bondadoso

ruín

simple

avarento




### 3. Que pretendían os falsos coxos?

Querían beneficiarse da xenerosidade daquel bo home.

## Unidade 12. A proba final

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

4. Relaciona e forma oracións. Colorea de azul o suxeito e de vermello o predicado.

Os zapatos  quédame moi grande.  
O libro de contos  están sucios.  
Esta chaqueta  ten setenta páxinas.

5. Inventa un predicado para estes suxeitos. **Resposta libre.**

- As fiestras da cociña \_\_\_\_\_.
- Marcos e Sabela \_\_\_\_\_.
- O lapis e o bolígrafo \_\_\_\_\_.

6. Rodea o **suxeito** destas oración e subliña o **predicado**.

- **O meu avó** le o xornal todas as mañás.
- **Aqueles paquetes** son para o teu pai.
- **As galiñas** non puxeron ningún ovo.

7. Escribe un suxeito para estes predicados. **Resposta libre.**

- \_\_\_\_\_ comeron toda a torta.
- \_\_\_\_\_ ten moita sede.
- \_\_\_\_\_ estaban no tellado.

## Unidade 12. A proba final

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 8. Fíxate no exemplo e completa.

noz → noces

veloz → **veloces**

matiz → **matices**

dez → **deces**

feroz → **feroces**

### 9. Completa con c ou z.

felices

atroces

verniz

voz

aprendiz

perdices

fugaces

tapiz



### 10. Escribe as oracións en plural.

- A avestruz corre veloz: **As avestruces corren veloces.**
- O capataz é andaluz: **Os capataces son andaluces.**

### 11. Escribe as oracións e cambia os debuxos por palabras.

- Lois ten unha  chea de  .

**Lois ten unha cesta chea de noces.**

- O  ten dúas  .

**O xuíz ten dúas avestruces.**

## Unidade 12. A proba final

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 12. Contesta. Resposta libre.


- Que día da semana é hoxe? \_\_\_\_\_
- Que día foi onte? \_\_\_\_\_
- Que día será mañá? \_\_\_\_\_
- Que día foi antonte? \_\_\_\_\_
- Que día será pasado mañá \_\_\_\_\_

### 13. Completa. Resposta libre.

- O día anterior a hoxe é \_\_\_\_\_.
- O día despois de hoxe será \_\_\_\_\_.
- \_\_\_\_\_ é o día anterior a onte.
- \_\_\_\_\_ é o día despois de mañá.

### 14. Observa a ilustración e di que día da semana é...

- ...o día 11: **domingo**
- ...o día 21: **mércores**
- ...o día 1: **xoves**



### 15. Separa, coloreando, cada día da semana.

luns martes mércores xoves venres sábado domingo

## Unidade 12. A proba final

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

**16. Le e ordena as instrucións para plantar unha planta.**

Rega a planta. **5**


Colle un testo. **1**

Fai un buraco na terra e mete a planta. **3**

Enche o testo con terra. **2**

Cubre de terra a raíz da planta e esmaga coas mans. **4**

**17. Observa e escribe as instrucións para facer unha coroa.**



1º \_\_\_\_\_

2º \_\_\_\_\_

3º \_\_\_\_\_

4º \_\_\_\_\_

**Resposta aberta.**

**18. Pensa e escribe as instrucións para facer zume de laranxa.**

**Resposta aberta.**

---

---

---